



En xullo de 2011 saíu o primeiro número da revista **Chorima Atlántica**, apoiada por Isaac Díaz Pardo. Consideramos que este luxo de padriño garantiranos unha longa vida a esta publicación periódica e fainos sabedores da súa calidade ou das intencións da mesma. Isaac Díaz Pardo, extraordinario artista e emprendedor acérrimo, atento a todo movemento ou empresa cultural que se prece, estivo sempre rodeado e embarcado en múltiples e diversos proxectos culturais, comprometidos con Galicia, e a estas alturas da súa traxectoria vital e profesional, non apoiaría unha empresa que non cumprise cuns mínimos de calidade e de rigor.

E a revista continúa, en certo modo, co legado intelectual de Isaac e co seu xeito de facer e entender a cultura. A revista denomínase **Chorima** por ser galega e para Galicia e **Atlántica** por proxectarse cara o exterior, salvando as fronteiras territoriais pero non as sociais e culturais, xa que a nosa cultura é tamén internacional.

Sabemos que Díaz Pardo «emigrou» a Arxentina, atravesando tamén o Atlántico, e dende alí continuou, como moitos outros, coa súa labor e facendo as máis das veces de correspondente traendo e levando estudos científicos de moi variadas disciplinas dun lado a outro do océano, como fixo por exemplo cos traballos de Xeoloxía de Isidro

Parga Pondal. Unha das teimas de Díaz Pardo foi a súa loita singular e persoal contra a cultura condicionada e imperante e contra a desmemoria, e fixo o posible e o imposible para que agromaran sempre as raíces do noso país fose na terra que fose, no exilio ou en Galicia, no seu compromiso ético e social cos exiliados.

Este discurso noso pode soar a apoloxía ou mesmo a **haxiografía** sobre Díaz Pardo, e de feito seguramente o é, pero coa publicación deste número, este intelectual galego cumpre 91 anos; moitos destes anos dedicounos á loita continua contra os **ñorantes e féridos e duros, imbéciles e escuros**, que non o entenderon, nin o respectaron, non. Consideramos entón que por moitas loanzas, homenaxes, distincións, actos de honra... que lle fagamos, nunca poderemos pagar a herdanza que nos deixa, o que el significou para a vida intelectual galega dos séculos XX e XXI, nin compensar as inxustizas que con el cometeron **os imbéciles e escuros** ao longo de toda a súa vida. Aínda que padeceu moitas, a primeira delas, chegou co asasinato do seu pai en 1936, cando el tiña tan só 16 anos, ano en que faría máis visible o seu compromiso con Galicia cando participaba activamente na campaña a favor do Estatuto de Autonomía de Galicia. E foi unha noite moi longa e moi de pedra o que lle tocou vivir despois dese fatal acontecemento.

Ao pouco tempo falece tamén a súa nai, tense que esconder na Coruña e ve truncado o seu soño de ser arquitecto polo que entre 1939 e 1942, estudou Belas Artes na Escola de San Fernando, en Madrid e participou nunha experiencia pioneira sobre deseño industrial. Comezou unha etapa de dedicación plena á pintura que abandonaría en 1948,

por primeira vez en 1955, reclamado polos exiliados, e ata 1968, ano da súa volta definitiva a Galicia, traslada a experiencia do Castro á quinta provincia e funda en Magdalena outra empresa de cerámica. Foi tamén unha etapa fecunda na que Díaz Pardo cultivou o teatro, o ensaio, a ilustración, ademais perfeccionou os seus coñecementos cerámi-

aínda abertas na actualidade. E agora, súmase a esta loita, a polémica de onde debe ubicarse espacialmente o seu legado e todos os arquivos do Instituto Galego de Información, se na Cidade da Cultura ou nunha Fundación feita **ad hoc**.

E sempre loita, este **armadanzas**, como el mesmo nos denomina a al-

O tempo leva grímpolas de berros pendurados dun aramio de espiño; fírgolas de luz

(de Longa Noite de Pedra, Celso Emilio Ferreiro)

para entregarse por completo a un proxecto de dinamización político-social e empresarial que visaba, por un lado, a modernización e internacionalización da nosa cultura e, por outro, a rexeneración da desarticulada historia do noso país. A partires deste momento cultiva éxitos a nivel persoal e profesional e semella que a súa noite foi menos escura e as pedras máis pequenas. Abriu unha pequena fábrica de cerámica no Castro de Samoeiro, se cadra é esta a súa faceta máis coñecida, a da cerámica de Sargadelos, explotando as materias primas do primitivo complexo de Sargadelos. Marchou a Arxentina

cos. Neste momento, co apoio de Luís Seoane e doutros galeguistas, fundaron o Laboratorio de Formas, o complexo industrial de Sargadelos, Edicións do Castro, o Museo Carlos Maside e o Instituto Galego de Información. Realizou para o Grupo Sargadelos os deseños artísticos que foron definindo claramente a filosofía das súas empresas: a industria ao servizo dun amplo proxecto socio-cultural para Galicia.

Pero o destino quixo que topase de fronte de novo en 2006 cos **ñorantes** que decidiron afastalo de todo o que el creara e mantivera durante décadas: o Grupo Sargadelos, procesos e feridas

gúns de nós, e seguira facendo, coma todo, mentres a saúde lle permitía, mentres lle quede un alento de vida física; porque morrer non o ha de facer nunca. Permanecerá na nosa memoria, a través das súas obras artísticas, literarias, ensaísticas, de deseño industrial, dos proxectos culturais e empresariais, das súas palabras e do seu ollar. Eses seus ollos amendoados que plas-mou en todos e cada un dos retratos que realizou tanto en pintura coma en cerámica, cos que creou un mundo ao seu tamaño e á súa forma. Ese ollar, case inocente, co que el nos fai a todos mellores.

¿Quieres que su publicidad sea 100% eficaz?
nosotros lo hacemos posible!
Llámenos, le diseñamos sus anuncios en prensa, imprenta, imagen corporativa, cartelera, vallas, radio...

EMIM comunicación
981 67 82 52